

A NOSA TRADICIÓN ORAL 5

UN XANCIÑO

instituto de
estudos das
identidades

NOME DO DOCUMENTO: MPG_TrOr_0009_004_en_0_04_39_id674_D
AUDIO DE REFERENCIA: MPG_TrOr_0009_004_en_0_04_39_id674.mp3
TIPO DE DOCUMENTO: Etnográfico xeral

MATERIAL DISPOÑIBLE

Audio mp3, transcripción e comentarios

DATA DE RECOLLIDA: 20/11/1994

LOCALIZACIÓN:

Lugar: A Cova
Parroquia: Troáns
Concello: Cuntis
Provincia: Pontevedra
País: Galicia

INFORMANTE:

Nome: Silva Fojo, Carmen
Idade no momento da recollida: 71 anos
Lugar e data de nacemento: A Cova, Troáns (Cuntis), ca. 1923

RECOLLEDORA: Margarita (alumna C.P. Don Aurelio, Cuntis)

COMPILADORES: Duran Vázquez, Luz Dolores; Torres Guerra, José Luis e Vilas Castelo, Ramón (profesores)

COLECCIÓN: A Nosa Tradición Oral. Fondos propios do Museo do Pobo Galego.



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

CONTEXTO

En 1994, o Museo do Pobo Galego presentou á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria un proxecto sobre a tradición oral, a desenvolver a través da escola. O programa comprendía dúas fases: un curso teórico previo para os profesores, e o traballo de campo, a realizar ao longo do ano escolar. A actividade, homologada pola Consellería, iniciouse coas sesións teóricas, celebradas entre o 7 e o 10 de novembro de 1994 nas dependencias do Museo. Durante os meses de novembro do 94 a maio do 95 desenvolveuse o traballo de campo, no que participaron profesores e alumnos de 24 institutos das provincias de A Coruña e Pontevedra. No ano 1995 realizouse a ordenación e clasificación da información recollida, de xeito que permitira o estudo, selección e elaboración de materiais para a confección dunha guía didáctica (publicada no 1996 polo Museo) e a formación dunha base de datos para fins de investigación conservada no APOI. (Referencia: A NOSA TRADICIÓN ORAL. Museo do Pobo Galego, 1996). A publicación constaba dun folleto e unha cinta magnetofónica, que reproducía unicamente unha breve selección das gravacións efectuadas por alumnos de centros escolares da Coruña e Pontevedra na fase de traballo de campo do programa *Recupera-la tradición oral: un proxecto interactivo museo-escola*.

NOTAS DA TRANSCRICIÓN:

Historia lida, non contada. O interese do texto xustifica a súa inclusión neste arquivo a pesar de non utilizar un xeito de narración natural. Ao tratarse de traballos escolares de recolla, en ocasións, as pezas son escritas previamente na familia para logo ser reproducidas e gravadas.

TRANSCRICIÓN DO TEXTO E EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Isabel Vigo Rodríguez

Outra transcripción dispoñible en: Costa Pérez, Evelio; Fernández Cerviño, María Xosé e Lamela Villaravid, Carme (1996). *Guía Didáctica A Nosa Tradición Oral*. Museo do Pobo Galego; páx. 26-27. Dispoñible para consulta na sede do APOI no Museo do Pobo Galego.

CLASIFICACIÓN: Contos burlescos e picarescos

PALABRAS CHAVE

conto, burla, xanciño, picaresca, matrimonio

TRANSCRICIÓN



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Xa eran as once da noite, cando Farruco saía da súa casa pra ir pillar o tren que o iba de levar á *Cruña*, e como chegou tarde, o tren non quixo esperar por el, tivo que dar volta.

- Xa vés? 'Ti... ti xa volves?

- Si, muller, si.

- Logo, que foi o que che esqueceu?

- Pois, esqueceme decirlle ó tren que esperara por min.

- Mala bomba te apraste!, larchán do inferno, ti sempre fas o mesmo. Oul, que centella de besta me levou á igrexa. Aínda valía máis que me casara con un porco, Dios mo perdone. Ai! Pilaira do Rego, Pilaira do Rego, con quen foches emparentar. Non sei que che serveu de selo orgullo de teus pais e a envexa de toda a parroquia. Non te deites! Vai ver que teñen os bois que non paran de coucear contra a porta.

- Deixa que couceen canto queiran, que eu alá non vou.

- Eres un perdueiro. Así coidas do que hai, por eso estamos tan adiantados; mala rabia te coma!

Pilaira dicía todo esto, namentras lle tapaba a cabeza a Vicente das Poldras que estaba con ela no leito.

- Pois agora, sólo por ti falar desta maneira, anque couceen que rompan as portas non vou ver os bois. Córrete pra alá. Escoita! De quen son estas pernas?

- Son miñas. De quen van a ser? 'Ti seica ves borracho?

- Unha, dúas, tres, catro. Pois, o conto ténche o seu chiste. De maneira que aora tes catro pernas.

- Si durmiras e estiveras calado, seríache mellor.

- Mais, de quen son estas pernas?

- Recristal, xa che dixen que son miñas. Queres calar!



- Serán! Mais eu non me conformo, vou buscar os mistos, poñerlle fogo ao xergón, xa verás que pronto aparece o dono das pernas.

- Olla no que te metas Farruco!, non ten volta.

- Espera aí! Son miñas, Farruco. -respondeu Vicente, cheo de medo.

- Au! Quen che estaba por acá hoxe!, o meu compadre Vicente. Deixe estar, deixe estar e perdone se o ofendín en algo, si eu me *onoxaba* [anoxaba] era por vía desta mala burra que se empeñaba en facerme ver que soilo había aí dúas pernas; e sempre fai o mesmo, o que quere salir coa súa. Ah!, outra cousa, vostede ceou?, porque senón fritimos dúas chourizas, que as hai moi boas. Deixe estar, deixe estar, non se erga que aquí cabemos ben todos. Olle! olle se ten roupa dabondo se non botamos máis, que gracias a Dios, inda temos pra botar. Vaite demo! quen che estaba por acá. Ande, bote un cigarro, namentras vou velos bois, e máis vou traer unha pouca augardente. Vaite demo, vaite demo! quen che estaba por acá.